

EIXES ESPECÍFICOS

EIXO DE ACCIÓN 9

MOBILIDADE

**OBXECTIVO OPERATIVO 1**

Facilitar o coñecemento teórico-práctico dun idioma estranxeiro, facilitando a mobilidade da mocidade a diferentes países

Medida 1: Cursos de idiomas no estranxeiro

Persoas beneficiarias: 24.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A aprendizaxe de linguas estranxeiras por parte da mocidade galega, mediante estadias en países de todos os continentes. Os cursos de idiomas que se ofrecen son de inglés, alemán, francés, italiano, portugués e ruso.

Medida 2: I Plan de mobilidade xuvenil no estranxeiro

Persoas beneficiarias: 99.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A adquisición de competencias non formais que faciliten o desenvolvemento persoal e a comprensión da diversidade sociocultural, de xeito que a mocidade coñeza a realidade doutros países, idioma, culturas, fortalecendo a convivencia e a interacción entre os mozos e as mozas.

Medida 4: Mozos e mozas en intercambio

Persoas beneficiarias: 551.

Tipo de actividade: Actividade

Obxectivos acadados: A convivencia entre rapaces e rapazas de distintas zonas de España para compartir experiencias e coñecer a realidade social e económica das distintas comunidades autónomas.



**OBXECTIVO OPERATIVO 2**

Dotar a mocidade das ferramentas e instrumentos necesarios para promover e facilitar a mobilidade no ámbito autonómico, estatal ou internacional

Medida 1: Carné Xove Euro

Persoas beneficiarias: 56.000 (durante o 2012 déronse de alta 32.114 novos carnés).

Tipo de actividade: Outras.

Obxectivos acadados: Ofrecer descontos e vantaxes aos mozos/as titulares en establecementos e servizos de Galicia, España e dos países adheridos a EYCA, co fin de facilitar o acceso a diferentes servizos e/ou bens de interese para a mocidade.

Durante o ano 2012 adheríronse 45 novos establecementos e un centro expendedor de carnés e ofrecéronse 20 programas (65 subprogramas) no apartado de promocións.

**Medida 2: Carné Alberguista**

Persoas beneficiarias: 1426.

Tipo de actividade: Outras.

Obxectivos acadados: A mobilidade xuvenil mediante descontos para estancias en albergues da Rede Española de Albergues Xuvenís.



Medida 3: Carnés student (ISIC)

Persoas beneficiarias: 2080.

Tipo de actividade: Outras.

Obxectivos acadados: A mobilidade xuvenil dos/as estudantes galegos/as mediante descontos en transportes, museos, comedores universitarios...



Medida 4: Carné Teacher (ITIC)



Persoas beneficiarias: 336.

Tipo de actividade: Outras.


Obxectivos acadados: A mobilidade das persoas que traballan como docentes/as a tempo completo, a través do desconto en servizos, acceso a ofertas dentro e fóra de Galicia.

Medida 5: Carné Young (IYTC) Travel Card

Persoas beneficiarias: 95.

Tipo de actividade: Outras.

Obxectivos acadados: A mobilidade de mozos e mozas menores de 26 anos, que non acrediten ser estudantes, para obter descontos en viaxes, aloxamentos, museos...



Medida
Nova**Medida 6: Coñece Europa: Interrail**

Persoas beneficiarias: 30.

Tipo de actividade: Outras.

Obxectivos acadados: O fomento da mobilidade, a través da posta en marcha dun programa piloto de dinamización do InterRail. Para elo ofreceuse a posibilidade de viaxar en grupos de 10 a 15 persoas acompañados dunha persoa voluntaria de mobilidade en dous itinerarios distintos (París-Bruselas-Amsterdam e París-Amsterdam-Berlín)

OBXECTIVO OPERATIVO 3

Facilitar o achegamento da xente moza ao mundo empresarial e laboral, a través da realización de prácticas e de participación en proxectos con outros países europeos

Medida 2: Bolsas Leonardo da Vinci 2010: Mobilidade Galega (MOGAL).

Persoas beneficiarias: 49.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A realización de prácticas laborais en 5 países europeos (Italia, Francia, Holanda, Irlanda e República Checa), favorecendo a iniciativa e/ou perfeccionamento das habilidades lingüísticas do idioma do país de destino e impulsando o desenvolvemento de habilidades persoais de autonomía.



Medida
Nova**Medida 6: Galeuropa.**

Persoas beneficiarias: 47.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.



Obxectivos acadados: A formación da mocidade galega mediante a mellora da súa empregabilidade, favorecendo a adquisición de novos coñecementos, habilidades, capacidades e cualificacións; posibilitando o coñecemento do mundo laboral en países estranxeiros mediante o desenvolvemento de tarefas profesionais en empresas doutros países.

OBXECTIVO OPERATIVO 4

Promover o intercambio e o coñecemento doutros países e culturas, a través da participación en actividades de lecer, artísticas, formativas, de novas tecnoloxías...

Medida 3: Programa Xuventude en Acción.

Persoas beneficiarias: 989.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A mobilidade dos mozos e mozas, reforzando a capacidade das organizacións xuvenís. É un programa dirixido a todas aquelas asociacións xuvenís que desexen ampliar o seu ámbito de acción a calquera outro país comunitario.





Medida
Nova

Medida 3a: Participación e inclusión do Programa Xuventude en Acción.

Persoas beneficiarias: 250.

Tipo de actividade: Xornada.

Obxectivos acadados: A realización dun encontro o día en A Coruña o 12 de febreiro para mozos e mozas participantes en programas de mobilidade, Técnicos de Xuventude e Servizos Sociais, dinamizadores xuvenís, entidades prestadoras de servizos sociais, líderes de asociacións xuvenís e mozos e mozas interesados, acadou os seguintes obxectivos:

- Ofrecer un lugar de encontro para o intercambio de experiencias entre a mocidade participante nos distintos programas europeos de mobilidade existente.
- Proporcionar boas prácticas, así como experiencias positivas da mocidade participante en accións do Programa Xuventude en Acción, Leonardo da Vinci e a Xuventude no Mundo.
- Presentar as posibilidades do programa Xuventude en Acción e de Iniciativa Xoven a mozos e mozas con menos oportunidades como vehículo para loitar contra a exclusión e a marxinación.
- Fomentar o Servizo de Voluntariado: local e europeo como experiencia de aprendizaxe non formal na adquisición de competencias e habilidades.
- Durante a xornada, as persoas participantes en diferentes proxectos, así como debater e expoñer as súas ideas sobre diferentes temáticas a través de obradoiros.



Medida
Nova

Medida 3b: Promoción de intercambios e iniciativas xuvenís.

Persoas beneficiarias: 23.

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados: A realización de obradoiros en Ribeira do 20 ao 22 de abril para o persoal técnico de xuventude, responsables de políticas de xuventude, persoas traballadoras de Casas de Xuventude da Comunidade Autónoma, monitorado, animadores e mocidade representante de asociacións e grupos informais, acadou os seguintes obxectivos:

- Contribuír a que as persoas participantes compartan e actualicen os seus recursos na súa tarefa de sensibilizar á mocidade sobre o valor e a importancia dos intercambios e as iniciativas xuvenís.
- Ofrecer un lugar de encontro e espazo de debate ás persoas participantes para a unificación de criterios e a toma de decisións en canto á promoción dos intercambios e iniciativas.
- Promocionar e difundir os intercambios e as iniciativas xuvenís a fin de incrementar e as iniciativas xuvenís a fin de incrementar o seu número e mellorar a súa calidade.

Medida
Nova

Medida 3c: Obradoiros de difusión e asesoramento.

Persoas beneficiarias: 120.

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados: A realización de obradoiros en Vigo, Curtis, Ourense e Vigo nos días 6, 7, 10 e 11 de setembro respectivamente para técnicos de xuventude, mozos/as representantes de asociacións e grupos informais, mozos e mozas non asociados e dinamizadores xuvenís, acadou os seguintes obxectivos:





- Promover e difundir o programa Xuventude en Acción co fin de incrementar o número e a calidade dos proxectos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Asesorar a mocidade e responsables de entidades xuvenís para que poidan realizar proxectos de maior calidade.
- Dar a coñecer o programa nas catro provincias galegas.
- Ofrecer un lugar de encontro e un espazo de debate a persoal técnicos, responsables de políticas de Xuventude e responsables de asociacións e grupos informais.

Medida 4: Imaxina Atlántica - Espazo Atlántico, Territorios Creativos Innovadores.

Persoas beneficiarias: 8528.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A estadía de mozos e mozas noutros estados da Unión Europea, reunindo actores internacionais nun contexto onde as novas tecnoloxías da imaxe teñen un lugar preferente.

Medida 6: Xóvenes emprendedores da Eurorexión. Emprende

Persoas beneficiarias: 2034.

Tipo de actividade: Xornada.

Obxectivos acadados: Converter o Espazo de Cooperación nun lugar atractivo para asentamento e desenvolvemento da nova actividade económica e empresarial, a través da creación de empresas e emprego para mozos e mozas da Eurorexión.





Medida
Nova

Medida 6a: Gabinete de iniciativas xuvenís emprendedoras transfronteirizas



Persoas beneficiarias: 278.

Tipo de actividade: Información e asesoramento.

Obxectivos acadados: O apoio ás iniciativas emprendedoras en Galicia e Norte de Portugal coa prestación dun servizo integral de asesoramento aos mozos/as da Eurorrexión para a creación de empresas, o fomento do autoemprego e a xeración de emprego..

Medida 7: Circuíto de creatividade



Tipo de actividade: Campañas.

Obxectivos acadados: Dar a coñecer as obras gañadoras do certame Xuventude Crea.

**OBXECTIVO OPERATIVO 5**

Establecer mecanismos e servizos que permitan o achegamento entre a mocidade de Galicia e Norte de Portugal

Medida 2: Eurocidade Chaves-Verín.

Persoas beneficiarias: 616.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A creación dunha oferta de servizos culturais e de lecer conxunto, favorecendo a mobilidade na fronteira, o contacto entre mozos e mozas e organizacións, a integración de políticas e o reforzo da conciencia de pertenza á Eurocidade.

Medida
Nova**Medida 2a: Foro xuvenil transfronteirizo**

Persoas beneficiarias: 40.

Tipo de actividade: Xornada.

Obxectivos acadados: A realización dun foro na oficina de información xuvenil transfronteiriza da Eurocidade Chaves Verín no 9 de novembro acadou os seguintes obxectivos:

- Ofertar un espazo de opinión e de intercambio de experiencias entre a mocidade de Chaves e Verín.
- Promover a participación democrática e a toma de decisións entre a mocidade local.
- Xerar un espazo para a creación de proxectos de participación xuvenil conxuntos entre a mocidade de Chaves e Verín.
- Fomentar o coñecemento do proxecto Eurocidade entre a mocidade de Chaves e Verín.



Medida
Nova

Medida 2b: Seminario europeo “A participación xuvenil nas agrupacións transfronteirizas”

Persoas beneficiarias: 17.

Tipo de actividade: Seminario.

Obxectivos acadados: A realización dun seminario na Oficina Transfronteiriza de Información Xuvenil da Eurocidade Chaves-Verín do 19 ao 24 de novembro acadou os seguintes obxectivos:

- Visibilizar a realidade da mocidade residente en localidades transfronteirizas.
- Fomentar a participación xuvenil e a empregabilidade entre a mocidade das zonas europeas transfronteirizas en xeral, e das localidades participantes no seminario en particular.
- Promover un espazo de intercambio de experiencias entre dinamizadores/as facilitadores/as e líderes xuvenís de rexións transfronteirizas.
- Proporcionar os medios para a creación dunha rede europea de localidades transfronteirizas de cara a futuros proxectos conxuntos.
- Xerar novos recursos e ferramentas para a promoción da participación xuvenil en áreas transfronteirizas.



Medida
Nova**Medida 2c: Seminario europeo “A participación xuvenil nas agrupacións transfronteirizas”**

Persoas beneficiarias: 30.

Tipo de actividade: Formación.

Obxectivos acadados: A promoción da cooperación institucional en materia de políticas de xuventude, para que os mozos e mozas se queden a vivir e traballar na zona transfronteiriza galego-portuguesa. De aí a organización dun curso de portugués técnico e outro de conversa de lingua portuguesa coa colaboración de entidades que apoian unha nova liña de actuación de promoción do espírito emprendedor da mocidade, e que programan actividades dirixidas a toda a mocidade que precisa dunha formación adicional ou dunha serie de ferramentas de cara á participación en programas europeos ou dar os primeiros pasos para a creación dunha empresa ou do seu futuro profesional e laboral.

Medida
Nova**Medida 3: Encontro liderado e estartexia. As craves para o cambio na internacionalización da empresa**

*Enmarcado no proxecto Emprende.

Persoas beneficiarias: 150.

Tipo de actividade: Xornada.

Obxectivos acadados: A realización dun encontro celebrado en Chaves a finais de marzo tivo como obxectivos:

- Fomentar a colaboración entre as empresas das dúas rexións, explorando o potencial da Eurocidade Chaves-Verín.
- Difundir o emprendemento entre os/as mozos/as galegos/as e concienciar sobre a necesidade de situar as pemes galegas nos mercados internacionais.





Medida
Nova

Medida 4: Braga capital europea de xuventude 2012



Persoas beneficiarias: 90.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A participación da mocidade galega nas actividades da Capital Europea de Xuventude 2012, ofrecendo a posibilidade á mocidade de acudir a Braga para ser participes nas actividades que se desenvolveron o 12 de agosto, o 1 e o 8 de setembro de 2012 na cidade lusa.